



Concello de Xove

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde do Concello de Xove.

VISTO o incremento do interese pola apicultura no noso municipio e a necesidade de formación do sector manifestada e solicitada ante o Concello de Xove.

VISTO que nos últimos 5 anos incrementouse o número de empresas dedicadas á apicultura de maneira profesional.

VISTO que esta actividade fomenta un desenvolvemento local sostible a nivel medioambiental, social e económico.

Polo presente, en uso da representación e competencias que me son outorgadas art. 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Convocar o curso de INICIACIÓN Á APICULTURA para os días 13 e 14 de abril de 2024 en horario das 09:00 ás 14:00 e 21 de abril de 2024 en horario das 09:00 ás 14:00 horas e das 16:00 ás 21:00 horas.

SEGUNDO.- Establecer os seguintes criterios de admisión de alumnado:

1. A selección realizarase tendo en conta a seguinte prioridade:

- a. Titulares de explotacións apícolas en estado de alta no Censo do Concello de Xove da Consellería de Medio Rural.
- b. Outras persoas interesadas empadroadas no municipio de Xove,
- c. Outras persoas interesadas.

2. As prazas iranse asignando por orde de entrada da solicitude de admisión e segundo a prioridade antedita.

TERCEIRO.- Establecer o seguinte programa:

- Bioloxía do enxame. O apicultor/A apicultora. A colmea
- Instalación do apiario. Flora melífera. Reprodución do enxame.
- Saúde das abellas: Avespa velutina. Varroa. Loque.
- Produtos das abellas: mel, pole, própole, xelea, cera. Colleita e comercialización.

Se as condicións climatolóxicas o permiten farase un 50% de formación práctica nun colmeaar.

CUARTO.- Establecer como obrigatorio o seguinte material. O alumnado, para a realización da parte práctica no colmeaar deberá asistir ao curso co seguinte material en bo estado e apropiado para acceder ao colmeaar. As persoas que incumpran esta norma poderán ser dadas de baixa na actividade:





Concello de Xove

- Careta
- Botas
- Luvas

QUINTO.- Establecer un número mínimo de alumnado en 10 persoas e un número máximo de 20. O número de persoas alumnas poderá sufrir cambios en función das medidas sanitarias vixentes no momento de impartir o curso e outras circunstancias que así o esixan.

SEXTO.- Establecer un prazo de inscrición desde o 15 de marzo ata o 5 de abril, se neste prazo non se cobren o mínimo de prazas, o curso entenderase anulado, se se acadansen 10 persoas participantes, pero no caso de quedaren prazas sen cubrir poderá continuar a inscrición tendo como único criterio de selección a orde de entrada e ata o 10 de abril. Xunto coa solicitude aportarase o documento nacional de identidade.

Mándoo e asínoo dixitalmente á marxe

